

Quieres formar parte do mundo televisivo?

Índice

FASE 1: Iniciando a montaxe	2
FASE 2: Luces	5
FASE 3: Cámara	7
FASE 4: Acción	10
FASE 5: Emisión en directo	10

FASE 1: Iniciando a montaxe

Glosario

Dicionario

Definición: Conxunto de palabras xeralmente organizadas de maneira alfabética e definidas atendendo aos distintos campos do saber.

Exemplo: Xiana pescuda no dicionario o termo decodificar.

Diversidade lingüística

Definición: Conxunto de linguas que se poden atopar tanto como nunha área específica como a nivel mundial.

Exemplo: Na aula existe unha clara diversidade lingüística: Xoán fala galego, Lois castelán, Xinyi chinés e Bruna brasileiro.

Prexuízo

Definición: Idea que se ten de algo ou alguén sen coñecemento previo da súa realidade.

Exemplo: Que as mulleres non son científicas é un prexuízo.

Propiedades textuais

Definición: Conxunto de elementos que debe cumprir un texto para ter sentido pleno.

Exemplo: O enunciado “A nena están cansas” non cumpre as propiedades textuais.

Xénero teatral

Definición: Forma literaria que ten como fin último a representación.

Exemplo: A obra *Os vellos non deben namorarse* pertence ao xénero teatral.

1.1. Achegámonos ao plató

Que é o xénero teatral?

O xénero dramático: o teatro presenta unha acción que ocorre a uns personaxes nun tempo e un lugar concretos.

Características: os feitos preséntanse através do diálogo ou do monólogo duns personaxes co fin de ser representados ante un público.

Nas obras teatrais hai:

- Actos: son as divisións máis importantes, correspóndense co momento en que se apagan as luces e se baixa o telón.
- Escenas: teñen lugar cada vez que entra ou sae un personaxe no escenario.
- Acotacións: indicacións que informan do desenvolvemento dos acontecementos: escenografía, montaxe, mobiliario...
- Aparte: é unha intervención breve que un personaxe formula sen que sexa escoitada polo resto, pero si polo público.
- Personaxes: son seres reais ou ficticios que interveñen na obra teatral. Poden ser:
 - Principais: son aqueles que interveñen de xeito máis activo, levan o peso da trama e evolucionan ao longo da obra.
 - Secundarios: son aqueles que intervelen na historia de xeito menos activo, soamente colaboran cos principais.

Subxéneros teatrais:

- Traxedia: os personaxes enfróntanse a conflitos e situacións completas
- Comedia: adoita tratarse de tramas relacionadas coa vida cotiá e son divertidas.
- Traxicomedia: mestura situacións cómicas e momentos tráxicos.

Alguns dramaturgos galegos: Euloxio Rodríguez Ruibal, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño e Luisa Villalta.

1.2. Os chíos do plató

Glosario

Bloque dialectal

Definición: División en zonas que se fai dun territorio atendendo as súas características lingüísticas.

Exemplo: Galiza divídese en tres bloques: oriental, central e occidental.

Esquimó

Definición: Lingua pertencente á familia esquimo-aleutiana empregada fundamentalmente en América do Norte.

Exemplo: En Alaska e Canadá emprégase para comunicarse o esquimó.

Variante dialectal

Definición: Palabra ou pronunciación dunha lingua que se presenta de diferentes formas dependendo do lugar do territorio en que se encontré.

Exemplo: A gheada é una variante dialectal da miña zona.

Que son os dialectos do galego?

Dialectoloxía: é a parte da lingüística que estuda os dialectos.

Dialecto: é unha variante dunha lingua que se atopa nun lugar concreto.

Isoglosa: liña imaxinaria que marca os límites dunha lingua ou dun dialecto.

Onde hai...?

- Seseo: en todo o bloque occidental
- Gheada: en todo o bloque occidental e na metade occidental do bloque central.

- Ti/tu: a forma “ti” preséntase en todo o bloque occidental e no medio do bloque central; mentres que a forma “tu” aparece no bloque oriental e na maior parte de bloque central.
- Plural das palabras rematadas en -n (-óns/-ós/-ois): a solución “-óns” aparece no bloque occidental, a forma “-ós” no bloque central e “-ois” no bloque oriental.
- Catro/cuatro: a variante “cuatro” preséntase no bloque oriental e no sur do bloque central, mentres que “catro” no resto do territorio.
- Moito/muito: a forma “muito” é propia do bloque oriental, mentres que “moito” predomina no resto do territorio.

FASE 2: Luces

Glosario

Diálogo

Definición: Parola entre un conxunto de xente.

Exemplo: A obra teatral comeza cun diálogo entre unha actriz e un actor.

Guión

Definición: Texto onde aparecen recollidos os datos imprescindibles para a interpretación dunha obra.

Exemplo: A actriz segue o guión para a súa actuación.

Monólogo

Definición: Discurso dunha única persoa.

Exemplo: Xiana fixo un monólogo humorístico na gala benéfica.

2.1. As sombras do plató

Glosario

Argumento

Definición: Razoamento para probar ou demostrar un feito.

Exemplo: A abogada deu uns argumentos moi convincentes e sacou do cárcere ao acusado.

Decálogo

Definición: Conxunto de dez normas para o desenvolvemento dun acto ou actividade.

Exemplo: Os estudantes fixeron un decálogo con normas de convivencia para a aula.

2.2. Poñemos o foco no plató

Como se forman as palabras?

As palabras son as unidades lingüísticas básicas da comunicación e caracterízanse por:

- Semántica: achegan o significado ao enunciado.
- Morfolóxica: están compostas por diferentes constituíntes.
- Sintáctica: desenvolven múltiples funcións dentro da oración.

As palabras únense ligando lexemas e morfemas.

O lexema ou raíz é a parte do significante que proporciona o significado léxico. Poden ser:

- Regulares: beber, bebedeiro, bebín...
- Irregulares: leite, lácteos...

O conxunto de palabras que comparten un mesmo lexema pertencen a mesma familia léxica: flor: floral, florecer, floricultura, enflorar, florido, florista...

Os morfemas son elementos que se unen ao lexema para completar ou modificar o seu significado. Poden ser:

- Flexivos ou gramaticais: morfemas de xénero, número e desinencias verbais: nena, animais, comía...
- Derivativos: morfemas que modifican o significado léxico do lexema (avoiña) ou crean novas palabras (carballeira).
 - Os prefixos son morfemas léxicos que se colocan ao inicio do lexema e modifican o significado da palabra base ou crean unha nova: circun-, co-, hemi-, hemo-, mono-, minus-, plus-, pos-, retro-.
 - Os sufixos son morfemas léxicos ou gramaticais que se colocan ao final do lexema e que modifican o significado da palabra base ou crean unha nova: -ado/a, -eiro/a, -axe, -ción, -sión, -mento, -echo, -elo, -eta.

Os procedementos de formación de palabras son:

- Derivación: central (lexema+sufixo).
- Composición: centrodereita (lexema+lexema).
- Parasíntese: centrocampista (lexema+lexema+sufixo).

*Un substantivo é un tipo de palabra que serve para nomear calquera realidade, ben sexan obxectos, persoas, animais, sentimento etc.

FASE 3: Cámara

Glosario

Acotación

Definición: Conxunto de indicacións que o autor ou autora propón para a correcta representación da obra, atendendo á escenografía, vestiario...

Exemplo: As acotacións din que a actriz debe entrar pola dereita mentres soa a cantiga.

Equipo de imaxe

Definición: Grupo de técnicas ou técnicos encargados do funcionamento dos dispositivos de grabación.

Exemplo: O equipo de imaxe puxo en marcha as cámaras.

Equipo de montaxe

Definición: Grupo de técnicas ou técnicos encargados da montaxe dos elementos necesarios para unha posta en escena concreta.

Exemplo: O equipo de montaxe preparou no escenario a habitación do protagonista.

3.1. Movémonos coa cámara

Glosario

Función sintáctica

Definición: É a relación que se establecen entre unha ou varias palabras dentro dunha oración con sentido completo.

Exemplo: O suxeito e o predicado son as dúas funcións sintácticas máis importantes.

Sintaxe

Definición: Disciplina encargada do estudo da combinación das palabras para formar oracións.

Exemplo: A sintaxe é unha parte importante dentro do funcionamento das linguas.

Como combinamos as palabras?

FUNCÍONS SINTÁCTICAS	IDENTIFICACIÓN (As preguntas non se deben tomar como 100% fiables, serven como guía)	EXEMPLO
PREDICADO	Expresa unha acción, proceso ou estado do suxeito. O seu núcleo é o verbo. Contén o resto de complementos. É todo o que non sexa suxeito.	Eles <u>chegaron cedo</u> . Miñas primas <u>fixeron empanada</u> .
SUXEITO	É o elemento do que se di algo na oración. É quen fai a acción do predicado. Pode ser unha frase nominal ou unha frase preposicional (pouco frecuente). Concorda co verbo en persoa e número (ao modificar o suxeito cambia obrigatoriamente o verbo). Se se trata dunha palabra invariable, cámbiase Pode substituírse por un pronome.	Eles <u>chegaron cedo</u> . <u>Miñas primas</u> <u>fixeron empanada</u> .
	Suxeito elíptico/ elidido: non está presente.	
COMPLEMENTO DIRECTO	Atópase no predicado, é o elemento sobre o que recae a acción expresada polo verbo. Pode ser un substantivo, unha frase nominal, unha frase preposicional, un pronome persoal átono ou outra cláusula. Pode substituírse por o/a/os/as/ lo/la/los/las /no/na/nos/nas. Se pasamos a oración a pasiva, pasa a ser suxeito paciente. Responde á pregunta que?	Miñas primas <u>fixeron empanada</u> . As enfermeiras <u>arrefriaron o enfermo</u> .
COMPLEMENTO INDIRECTO	É o elemento do predicado que recibe o dano ou beneficio da acción expresada polo verbo e en ocasións tamén polo CD. Fórmase cunha frase preposicional (coa preposición "a") ou cunha frase nominal que ten como núcleo un pronome átono. Pode substituírse por lle/lles. Responde á pregunta a quen?	Comprei un ramo de flores <u>a miña nai</u> . Mercarémolle <u>ao teu mestre</u> unha torta de aniversario.
ATRIBUTO	Atópase no predicado e indica unha calidade do suxeito, co que concorda en xénero e número. Aparece sempre cos verbos copulativos: ser, estar, parecer, semellar... Pode substituírse por o, a, os, as, lo, la, los, las, no, na, nos, nas.	El está <u>entusiasmado</u> . Mercurio é <u>un planeta rochoso</u> .
COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL	Atópase no predicado e indica en que circunstancias se realizou a acción verbal. Pode ser de diferentes tipos:	
	TEMPO	Cando? Irei á tenda <u>pola tarde</u> .
	LUGAR	Onde? Espero <u>na esquina</u> .
	MODO	Como? Escóitote <u>atentamente</u> .
	CANTIDADE	Canto? Ese home sabía <u>moito</u> .
	NEGACIÓN	"Non" <u>Non</u> atopo as chaves.
	CAUSA	Por que? <u>Polo seu mal comportamento</u> non irá.
	INSTRUMENTO	Con que? Preparei pizzas <u>con fariña integral</u> .
	COMPAÑÍA	Con quen? O domingo almorzarei <u>cos meus avós</u> .
	FINALIDAD	Para que? Trouxen xeados <u>para comer de sobremesa</u> .

Laura Balboa-2023.Funcións sintácticas(CC BY-NC-SA)

FASE 4: Acción**Glosario**Castelanismo

Definición: Palabra propia do castelán.

Exemplo: Tes que utilizar a palabra ovo xa que huevo é un castelanismo.

Ortografía

Definición: Conxunto de regras que rexen a escrita dunha lingua.

Exemplo: Se queres ter unha boa ortografía debes saber que "hoxe" se escribe con h.

Estándar

Definición: Modelo de referencia que se emprega nunha lingua, sobre todo, na súa escrita.

Exemplo: Os libros en galego escríbense tendo en conta o estándar da nosa lingua.

FASE 5: Emisión en directo**5.2. Listos****Glosario**Linguaxe non verbal

Definición: Mecanismo de enviar ou recibir mensaxes sen empregar palabras.

Exemplo: Como sinal de vitoria empregou a linguaxe non verbal.

Oratoria

Definición: Arte para falar en público que ten por finalidade convencer.

Exemplo: A oratoria do presidente era moi boa.